

Tarxeta Infinite BBVA

INFORMACIÓN NORMALIZADA EUROPEA SOBRE CRÉDITO AO CONSUMO

Este documento contén a información normalizada europea sobre crédito ao consumo do contrato da Tarxeta Infinite BBVA conforme ao establecido na Lei 16/2011 de contratos de crédito ao consumo.

A información que a continuación é resaltada en letra grosa é especialmente relevante, de acordo co previsto na Circular 5/2012 do Banco de España sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

1. IDENTIDADE E DETALLES DE CONTACTO DO PRESTAMISTA

Banco: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. Enderezo: Plaza San Nicolás, 4 - 48005 BILBAO.
Número de teléfono: 900 102 801. Enderezo do sitio web: www.bbva.es

2. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO PRODUTO DE CRÉDITO

<p>■ Tipo de crédito.</p>	<p>TARXETA DE CRÉDITO. A tarxeta emítese co sistema de reembolso que escolla o cliente.</p>
<p>■ Importe total do crédito.</p> <p>- É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas a disposición do consumidor no marco do contrato.</p>	<p>O límite de crédito: De 6.000 a 9.000 euros.</p>
<p>■ Condicións que rexen a disposición de fondos.</p> <p>- É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro.</p>	<p>As tarxetas poderán ser utilizadas para todas ou algunhas das seguintes funcións:</p> <p>a) Pagamento de bens e servizos contra o límite de crédito nos establecementos afiliados ao sistema de tarxetas (Visa/MasterCard) ao que pertencen as tarxetas e que figura nelas.</p> <p>b) Retirar efectivo a débito e a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos e en oficinas do banco así como daquelas entidades que o permitan.</p>

<p>■ Duración do contrato de crédito.</p>	<p>Indefinida</p> <p>Cada tarxeta será válida ata o último día do mes que figure impreso nela, non poderá ser utilizada con posterioridade a esa data e será destruída no momento en que o banco remita unha nova en subs-titución da anterior.</p>
<p>■ Os prazos e, se for o caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.</p>	<p>O titular da tarxeta de crédito poderá optar por un ou por algúns dos seguintes sistemas para o reembolso do capital disposto contra o límite da tarxeta:</p> <p>a) Pagamento total: cada mes cárgase na "conta de domiciliación de pagamentos" a totalidade do saldo disposto que reflicta o extracto mensual da conta de tarxeta de crédito. No caso de disposicións de efectivo contra a "conta de tarxeta de crédito" e/ou traspasos de efectivo desde a "conta de tarxeta de crédito" á "conta de domiciliación de pagamentos" devindicarase a favor do banco un tipo de xuro nominal anual do 10,20% desde o momento da disposición ata o día de liquidación.</p> <p>b) Pagamento adiado "revolving":</p> <p>Por unha cantidade fixa mensual: Supón o reembolso dunha cantidade fixa mensual comprensiva de capital, xuros e comisións. A cifra mínima desa cantidade fixa mensual é de 18 € e poderase escoller calquera cantidade superior. O reembolso mínimo mensual virá determinado polo 3% do saldo disposto que reflicta o extracto da "conta de tarxeta de crédito" antes da liquidación, máis os xuros e comisións devindicados durante o período mensual de liquidación correspondente.</p> <p>c) Pagamento personalizado: Este sistema consiste na posibilidade de que o reembolso do capital dunha operación realizada coas tarxetas (compras, retiradas de efectivo ou traspasos desde a conta de crédito da tarxeta á conta de domiciliación de pagamentos) ou a totalidade do saldo mensual disposto despois da liquidación, sempre que sexa igual ou superior a 50 €, sexa realizado mediante o pagamento dun certo número de cotas fixas mensuais (comprensivas de capital e xuros). O importe das cotas dependerá do prazo que escollan os titulares, dentro dun máximo de 36 cotas e un mínimo de 7. Así mesmo, ten a posibilidade de pagar en 3, 4, 5 ou 6 cotas sen xuros, cunha comisión por xestión de adiamento do 3,5%, 4,30%, 5,20% ou 6% sobre o importe adiado respectivamente. Este sistema é de aplicación específica a cada liquidación concreta para o que se solicitase.</p>

	<p>Nos pagamentos personalizados, a cota mensual destínase en primeiro lugar ao pagamento dos xuros, comisións e gastos pactados e, en segundo lugar, a amortizar o capital.</p> <p>A frecuencia dos pagamentos en todas as modalidades será mensual.</p>
<p>■ Importe total que deberá vostede pagar.</p> <p>- É dicir, o importe do capital disposto máis os xuros e os posibles gastos relacionados co seu crédito.</p>	<p>O importe total que terá que pagar dependerá das disposicións do crédito e dos xuros e comisións devindicados en función da modalidade de pagamento que vostede elixa.</p> <p>Consulte no apartado da TAE o exemplo representativo, en que se indica o importe total que terá que devolver, no suposto de que vostede dispoña da totalidade do crédito.</p>
<p>Se procede, os reembolsos non supoñen unha inmediata amortización de capital</p>	<p>Os reembolsos na modalidade de pagamento adiado e pagamentos personalizados non supoñen unha inmediata amortización de capital.</p>

3.- CUSTOS DO CRÉDITO

<p>■ O tipo debedor.</p>	<p>Pagamento total para disposicións de efectivo e/ou traspasos desde a "conta de tarxeta de crédito" á "conta de domiciliación de pagamentos" 10,20% nominal anual.</p> <p>Da conta de tarxeta/pagamento adiado 10,20% nominal anual.</p> <p>Pagamento personalizado con xuros 21,60% nominal anual.</p> <p>Pagamento personalizado con comisión: non se aplica ningún xuro.</p>
<p>■ Taxa anual equivalente (TAE).</p> <p>- A TAE é o custo total do crédito expresado en forma de porcentaxe anual do importe total do crédito. A TAE serve para comparar diferentes ofertas.</p>	<p>Estará en función da modalidade de pagamento elixida:</p> <p>a) Pagamento total: Suposto o límite de crédito de 3.000 € disposto cada mes na súa totalidade mediante compras en establecementos, durante un período mensual de liquidación (por exemplo, o 12 de novembro), o importe total que habería que pagar cada mes sería de 3.000 euros e ao longo de 12 meses, 36.120 euros incluída a comisión anual de 120 euros por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito cobrada o primeiro mes. A TAE resultante será do 4,23%.</p>

	<p>b) Pagamento adiado "revolving":</p> <p>Por unha cantidade fixa mensual: Suposto o límite de crédito de 3.000 € disposto na súa totalidade nunha única compra nun establecemento no mesmo día en que contrata a tarxeta (por exemplo, o día 12 de novembro), ao tipo de xuro nominal anual do 10,20% e cunha cota mensual de 264 euros (comprensiva de capital e xuros) para pagar o día 5 de cada mes. O total que habería que devolver en 12 meses sería de 3.158,30 euros, mediante 11 cotas de 264 euros máis unha última cota de 254,30 euros, que é o importe que resulta da diferenza entre o importe total que habería que pagar e a suma dos reembolsos mensuais anteriores. A TAE resultante será do 10,48%.</p> <p>c) Pagamento personalizado con xuros: Suposto o límite de crédito de 3.000 euros, disposto na súa totalidade nunha única compra o mesmo día que contrata a tarxeta, (por exemplo, o 12 de novembro) ao tipo de xuro nominal anual do 21,60%, o total que habería que devolver en 12 meses sería 3.365,62 euros, mediante unha primeira cota de 31,96 euros, comprensiva de xuros e 11 cotas de 303,06 euros. A TAE resultante será do 23,87%.</p> <p>d) Pagamento personalizado con comisión: Suposto o límite de crédito de 3.500 euros, disposto na súa totalidade mediante unha compra nun establecemento o mesmo día que contrata a tarxeta, (por exemplo, o 12 de novembro) para satisfacer en 6 meses, sendo a primeira cota de 180 euros, unicamente da comisión de xestión de adiamento, seis cotas restantes de 500 euros, comprensivas só de capital. O importe total para devolver será de 3.180 euros, incluída a comisión de xestión de adiamento de 180 €. A TAE resultante será do 19,80 %.</p> <p>Suposto o límite de crédito de 3.000 euros, disposto na súa totalidade mediante unha compra nun establecemento o mesmo día que contrata a tarxeta, (por exemplo, o 12 de novembro) para satisfacer en 5 meses, sendo a primeira cota de 156 euros, unicamente da comisión de xestión de adiamento e cinco cotas restantes de 600 euros, comprensivas só de capital. O importe total para devolver será de 3.156 euros, incluída a comisión de xestión de adiamento de 156 €. A TAE resultante será do 19,41%.</p>
--	---

	<p>Suposto o límite de crédito de 3.000 euros, disposto na súa totalidade mediante unha compra nun establecemento o mesmo día que contrata a tarxeta, (por exemplo, o 12 de novembro) para satisfacer en 4 meses, sendo a primeira cota de 129 euros, unicamente da comisión de xestión de adiamento, catro cotas restantes de 750 euros, comprensivas só de capital. O importe total para devolver será de 3.129 euros, incluída a comisión de xestión de adiamento de 129 €. A TAE resultante será do 18,43%.</p> <p>Suposto o límite de crédito de 3.000 euros, disposto na súa totalidade mediante unha compra nun establecemento o mesmo día que contrata a tarxeta, (por exemplo, o 12 de novembro) para satisfacer en 3 meses, sendo a primeira cota de 105 euros, unicamente da comisión de xestión de adiamento, tres cotas restantes de 500 euros, comprensivas só de capital. O importe total para devolver será de 3.105 euros, incluída a comisión de xestión de adiamento de 105 €. A TAE resultante será do 17,72 %.</p>
<p>■ É obrigatorio para obter o crédito (nas condicións ofrecidas)</p> <ul style="list-style-type: none"> - contratar unha póliza de seguros que garanta o crédito - ou outro servizo accesorio? 	<p>NON</p> <p>Para contratar a tarxeta é necesario ter previamente unha conta no banco. Esta conta non ten como finalidade exclusiva a domiciliación dos pagamentos da tarxeta. O seu custo figura no seu contrato específico.</p>

■ **Custos relacionados.**

- **Por utilización dun medio de pagamento específico (por exemplo, unha tarxeta de crédito).**

As comisións aplicables polo uso da tarxeta poderán ser:

a) Comisión anual por emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito:

Primeira tarxeta emitida: 120 €

Resto de tarxetas emitidas: 120 €

BBVA non cobrará esta comisión anual cando o titular escollo o sistema de reembolso adiado “revolving” para o pagamento de, polo menos, un recibo mensual ao ano.

O BBVA tampouco cobrará esta comisión se o Titular financia, polo menos unha vez ao ano, o pagamento dalgunha compra, retirada de efectivo a crédito ou recibo mensual para pagar baixo a modalidade de pagamentos personalizados.

b) Comisión por emisión de duplicados: 6,00 €.

c) Comisión por utilización da tarxeta fóra da zona euro: 1,5% sobre o contravalor en €.

d) Comisión por retirada de efectivo a débito ou crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos. Comisións por retirada de efectivo mediante tarxeta en caixeiros automáticos:

Comisións por retirada de efectivo mediante tarxeta en caixeiros automáticos	A débito		A crédito	
	%	Mínimo €	%	Mínimo €
Caixeiros do Grupo BBVA en España	-	-	3,00%	3,00 €
Caixeiros de entidades distintas do Grupo BBVA en España	Nota 1	Nota 1	Nota 2	Nota 2
Caixeiros fóra de España	4,50%	3,00 €	5,00%	3,00 €

(1) Polas retiradas de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos pertencentes a unha entidade distinta do Grupo BBVA en España en €, o BBVA repercutirá o mesmo importe da comisión cobrada pola entidade titular do caixeiro ao BBVA. O devandito importe será comunicado pola entidade titular do caixeiro antes da retirada de efectivo.

(2) Polas retiradas de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos dunha entidade distinta do Grupo BBVA en España en euros, o BBVA repercutirá o mesmo importe da comisión cobrada pola entidade titular do caixeiro ao BBVA. O devandito importe será comunicado pola entidade titular do caixeiro antes da retirada de efectivo.

Así mesmo, o BBVA cobraralle a comisión por retirada de efectivo a crédito indicada para caixeiros do Grupo BBVA en España. Esta comisión é adicional á repercutida polo BBVA.

Comisións por retirada de efectivo mediante tarxeta en oficinas	A débito		A crédito	
	%	Mínimo €	%	Mínimo €
Oficinas do Grupo BBVA en España	-	-	3,00%	2,50 €
Oficinas doutras entidades en España e UE (en €)	5,00%	3,00 €	5,00%	3,00 €
Oficinas do Grupo BBVA e doutras entidades fóra de España (non €)	5,00%	3,00 €	5,00%	3,00 €

e) Comisións por traspaso de fondos con cargo ao límite de crédito.

- A conta Persoal BBVA: 1,5%.

f) Comisión por consulta en caixeiros:

- BBVA en España: 0 €.

- Non BBVA e UE: 0,60 €.

g) Comisión de apertura sobre excedido no límite de crédito: 3% sobre o maior excedido con mínimo 6 €.

h) Comisión de xestión de adiamento en sistema de reembolso pagamento personalizado: percibirase por cada operación cuxo pagamento se adíe en cotas mensuais sen xuros, segundo as opcións permitidas polo banco.

- Adiamento 3 meses: 3,50% sobre o importe adiado.

- Adiamento 4 meses: 4,30% sobre o importe adiado.

- Adiamento 5 meses: 5,20% sobre o importe adiado.

- Adiamento 6 meses: 6% sobre o importe adiado.

	<p>Condições en que poden modificarse os gastos antes mencionados relacionados co contrato de crédito.</p> <p>As comisións anteriores poderán ser modificadas previa comunicación ao solicitante con dous meses de antelación á data da súa entrada en vigor, sempre que o solicitante non manifeste a súa non aceptación antes desa data.</p>
<p>■ Custos en caso de pagamentos atrasados.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A non realización dun pagamento poderá implicar graves consecuencias (por exemplo, o vencemento anticipado de todo o importe pendente) e dificultar a obtención dun crédito. 	<p>Gasto de reclamación de posicións debedoras ata un máximo de 35 €. O BBVA cobrará este gasto dunha soa vez por cada cota non pagada e reclamada</p> <p>O BBVA informarao/a, no caso de que estea sen pagar algunha cota, mediante o envío de mensaxes a través da app do BBVA, www.bbva.es, correo electrónico, mensaxe ao seu teléfono móbil, calquera notificación de correo tradicional, por teléfono, mediante xestións das nosas oficinas ou de colaboradores do BBVA. Lembra-rémolle a necesidade de pagar as cotas pendentes para evitarlle un prexuízo económico</p> <p>Xuros moratorios sobre cotas vencidas non satisfeitas; igual ao tipo de xuro nominal anual da conta de tarxeta máis dous puntos porcentuais.</p>

4.- OUTROS ASPECTOS XURÍDICOS IMPORTANTES

<p>■ Dereito de desistencia.</p> <p>Vostede ten dereito a desistir do contrato de crédito no prazo de 14 días naturais.</p>	SI
<p>■ Reembolso anticipado.</p> <p>Vostede ten dereito a reembolsar anticipadamente o crédito total ou parcialmente en calquera momento.</p>	SI
<p>■ O banco ten dereito a compensación en caso de reembolso anticipado.</p>	NON
<p>■ Dereito a un proxecto do modelo de contrato de crédito.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vostede ten dereito, logo dunha petición, a obter de forma gratuíta unha copia do proxecto de contrato de crédito. Esta disposición non se aplicará se no momento da solicitude o banco non está disposto a formalizar con vostede o contrato de crédito. 	SI
<p>■ Período durante o cal o banco está vinculado pola información precontractual.</p>	Esta información será válida durante 14 días naturais desde o día a súa recepción por parte dos solicitantes.

<p>■ Consulta dunha base de datos.</p> <p>O banco ten que informalo/a decontado e sen cargo do resultado dunha consulta dunha base de datos se se rexeita a solicitude de crédito sobre a base dunha consulta dese tipo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Isto non se aplica se a difusión desa información está prohibida por unha lei ou polo Dereito da Unión Europea ou é contraria aos obxectivos de orde pública ou da seguridade pública. 	<p>Se no proceso de análise do risco crediticio se consultan ficheiros de solvencia económica e riscos de crédito e a solicitude é rexeitada, o banco informarao/a desta consulta.</p>
---	--

5.- INFORMACIÓN ADICIONAL EN CASO DE COMERCIALIZACIÓN A DISTANCIA DE SERVIZOS FINANCEIROS

<p>a) Relativa ao prestamista.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Enderezo: Plaza San Nicolás, 4 - 48005 BILBAO 900 102 801 www.bbva.es • Rexistro: Rexistro Mercantil de Biscaia, tomo 2.083, folio 1, folia BI-17-A, inscrición 1ª. • A autoridade de supervisión: Banco de España e Comisión Nacional do Mercado de Valores.
<p>b) Relativa ao contrato de crédito.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio do dereito de desistencia. 	<p>O solicitante ten un prazo de 14 días naturais para exercelo, sen necesidade de indicar o motivo. O prazo iníciase no día da sinatura do contrato. Non obstante, se non recibisen as condicións contractuais e a información contractual correspondente antes dese día, o prazo para exercer este dereito comezará a contar no día en que reciba a citada información. O solicitante debe deixar constancia ao banco da notificación por calquera xeito admitido en dereito. Considérase que se respectou o prazo se a notificación foi enviada antes da expiración do prazo e en papel ou calquera outro soporte duradeiro a disposición do banco e accesible para el. O solicitante poderá desistir do contrato en calquera oficina do BBVA, app e web do BBVA ou na Liña de Atención ao Cliente do BBVA.</p> <p>O solicitante debe pagar ao banco o capital e os xuros acumulados sobre ese capital entre a data de disposición do crédito e a data de reembolso do capital, nun prazo máximo de 30 días naturais desde a comunicación ao banco da desistencia. Os xuros que se deben calcularanse sobre a base do tipo debedor acordado.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • A lexislación que o prestamista acepta como base para o establecemento de relacións con vostede antes da sinatura do contrato de crédito. 	<p>Para o establecemento de relacións antes da celebración do contrato será de aplicación a lexislación española.</p>

<ul style="list-style-type: none"> • A lexislación que o prestamista acepta como base para o establecemento de relacións con vostede antes da sinatura do contrato de crédito. 	<p>Para o establecemento de relacións antes da celebración do contrato será de aplicación a lexislación española.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Cláusula sobre a lexislación aplicable que rexe en relación co contrato de crédito e tribunal competente. 	<p>Ao contrato e ás relacións derivadas del será de aplicación a lexislación española. Serán competentes os xuíces e tribunais españois.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Réxime lingüístico 	<p>A información e os termos contractuais facilitaranse na lingua en que está redactado este documento. Co seu consentimento, durante a duración do contrato de crédito comunicáronos con vostede na lingua en que estea redactado o contrato.</p>
<p>c) Relativa ao recurso</p>	<p>Existe a disposición do titular un servizo de atención ao cliente para a xestión das súas queixas e reclamacións:</p> <p>Servizo de Atención ao Cliente. Apartado de correos 1598 28080 Madrid</p> <p>Enderezo electrónico: reclamacionesSAC@bbva.com</p> <p>En caso de desconformidade coa resolución do Servizo de Atención ao Cliente, o titular pode dirixirse en segunda instancia ao Defensor do Cliente:</p> <p>Apartado de Correos 14460. 28080 Madrid. Enderezo electrónico: defensordelcliente@bbva.com</p> <p>Antes de se dirixir ao Defensor do Cliente deberase formular reclamación ao Servizo de Atención ao Cliente.</p> <p>O BBVA dispón dun regulamento para a defensa do cliente, ao que se pode acceder solicitándoo en calquera das oficinas do BBVA ou a través do web bbva.es nas ligazóns específicas de atención ao cliente.</p> <p>O prazo máximo para a resolución de queixas e reclamacións é de quince días hábiles. Este prazo poderase ampliar ata un mes por causas alleas ao banco, en cuxo caso o titular será informado.</p> <p>Se despois deste tempo e unha vez esgotadas as distintas instancias que o BBVA facilita, non se resolve o caso ou o solicitante estivese desconforme coa decisión final da súa reclamación ou queixa, poderanse dirixir a:</p> <p>Servizo de Reclamacións do Banco de España. Calle Alcalá, núm. 48. 28014 Madrid.</p> <p>O BBVA non está adherido a ningunha xunta arbitral de consumo para a resolución de conflitos relacionados co contrato de tarxeta.</p>

Tarxeta Infinite BBVA

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE REGULACIÓN DO CRÉDITO REVOLVENTE ("REVOLVING")

Este documento contén a información sobre crédito revolvente ("revolving") regulada na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios e na Circular 5/2012 do Banco de España, do 27 de xuño, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

A información que a continuación se resalta en letra grosa é especialmente relevante, de acordo co previsto no anexo 3 da Circular 5/2012.

1. Descrición das diferentes modalidades de pagamento:

a) Pagamento total: Vostede pagará o día 5 de cada mes o importe total do crédito disposto na data de liquidación. No caso de que vostede dispoña do crédito mediante retirada de efectivo a crédito, tamén pagará nesa data, xunto co capital, o importe das comisións e, se for o caso, os xuros que se xeren.

b) Pagamento adiado "revolving":

1. Pagamento adiado "revolving" cota fixa: Vostede pagará o día 5 de cada mes o importe da cota escollida. Esa cota inclúe capital, xuros e comisións. A cota mínima mensual non pode ser inferior a 12 euros. Ademais, vostede deberá ter en conta, con independencia da cota escollida, que o reembolso mínimo mensual será do 3% do saldo disposto antes da liquidación máis os xuros e as comisións do período mensual de liquidación.

c) Pagamento personalizado. Este sistema de reembolso é independente dos sistemas de reembolso de pagamento total ou de pagamento adiado "revolving". Vostede pode solicitar financiar compras, retiradas de efectivo ou o recibo que queira pagar mediante pagamentos personalizados, sempre que sexa superior a 50 euros. Os pagamentos personalizados tamén permiten tres modalidades:

1. Pagamento personalizado con xuro: poderá escoller devolver o importe do límite disposto entre un mínimo de 7 e un máximo de 36 cotas mensuais. O mes seguinte despois de que vostede solicite o pagamento personalizado só pagará xuros. O resto das cotas inclúen capital e xuros.

2. Pagamento personalizado con comisión: poderá escoller devolver o capital do límite disposto entre 3, 4, 5 ou 6 cotas mensuais. A primeira cota pagarase ao mes seguinte despois de que vostede solicite o pagamento personalizado. Esta primeira cota incluírá unicamente a comisión de xestión por adiamento. O resto de cotas incluírá só capital.

As cotas dos pagamentos personalizados páganse o día 5 de cada mes.

A Tarxeta emítese coa modalidade de pagamento que vostede escolla.

2. No caso de vostede non pague as cantidades debidas na data de pagamento indicada conforme ao sistema de reembolso escollido, o BBVA capitalizará as cantidades vencidas, esixibles e non satisfeitas.

3. Vostede pode modificar o sistema de reembolso escollido, en calquera momento, a través da súa oficina BBVA, na Liña BBVA (900 10 28 01) e a través da app e web do BBVA. O BBVA poderá modificar os sistemas de reembolso comunicándollo con polo menos dous meses de antelación.

4. Exemplos representativos dos sistemas de reembolso de pagamento adiado "revolving" e pagamento personalizado. Os exemplos que se mostran a continuación foron realizados tendo en conta a cota mínima de amortización que permite o contrato.

- **Pagamento adiado "revolving" cota fixa.** No caso de que vostede escolla este sistema de reembolso e utilice a totalidade do límite de crédito do seu contrato para financiar o pagamento dunha compra:

- **Límite do crédito disposto: 3.000 euros**
- **Importe total para devolver: 3.771,80 euros**
- **Tipo de xuro nominal anual: 10,20%**
- **TAE resultante: 10,63%**
- **Prazo que tardará en devolver a débeda: 91 meses**

- Cota mensual para pagar: 18 euros (inclúe capital e xuros). No entanto, con independencia da cota escollida, o reembolso mínimo mensual suporá, polo menos, o 3% do límite de crédito disposto máis os xuros e comisións devindicados.

- **Pagamento personalizado con xuros.** No caso de que vostede escolla este sistema de reembolso e utilice a totalidade do límite de crédito do seu contrato para financiar o pagamento dunha compra:

- **Límite do crédito disposto: 3.000 euros**
- **Importe total para devolver: 4.134,16 euros**
- **Tipo de xuro nominal anual: 21,60%**
- **TAE resultante: 23,85%**
- Prazo que tardará en devolver a débeda: 37 meses
- Primeira liquidación: 31,96 euros (inclúe xuros)
- Cota mensual para pagar 113,95 euros (inclúe capital e xuros).

- **Pagamento personalizado con comisión:** No caso de que vostede escolla este sistema de reembolso e utilice a totalidade do límite de crédito do seu contrato para financiar o pagamento dunha compra:

- **Límite do crédito disposto: 3.000 euros**
- **Importe total para devolver: 3.180 euros**
- **Comisión por adiamento: 6%**
- **TAE resultante: 19,80 %**
- Prazo que tardará en devolver a débeda: 6 meses
- Primeira cota mensual para pagar 180 euros (inclúe unicamente a comisión de adiamento)
- Resto de cotas: 500 euros (só capital)

Os exemplos realizáronse tendo en conta que vostede dispuxo da totalidade do crédito concedido no mesmo día en que contrata a tarxeta, por exemplo, o 12 de novembro de 2023, e non realizou máis disposicións ata a amortización total.

Vostede debe ter en conta que os exemplos que lle mostramos foron redactados tendo en conta que a disposición dos fondos se realizou mediante pagamentos en compras. **No caso de que a disposición dos fondos se realice, por exemplo, mediante retiradas de efectivo ou traspasos do crédito á súa conta, a TAE pode ser superior, xa que pode comportar o pagamento de comisións adicionais.**

Tarxeta Infinite BBVA

INFORMACIÓN ADICIONAL: FOLLETO DE INFORMACIÓN XERAL PREVIA DO CONTRATO DE SERVICIOS DE PAGAMENTO

A continuación detállase o resto da información xeral previa do contrato da Tarxeta Infinite BBVA, non contemplada na información normalizada europea sobre o crédito ao consumo, conforme ao indicado na Orde ministerial ECE/1263/2019 sobre transparencia das condicións de información aplicables aos servizos de pagamento e na Circular 5/2012 do Banco de España sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

A información que a continuación é resaltada en letra grosa é especialmente relevante, de acordo co previsto na Circular 5/2012 do Banco de España sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

1. SOBRE O PROVEDOR DE SERVICIOS DE PAGAMENTO

1.1. Datos e inscrición

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.

Inscrito no Rexistro Mercantil de Biscaia, tomo 2083, folio 1, folia BI-17-A, inscrición 1ª

1.2. Autoridades de supervisión:

Banco de España (Rexistro 0182)

Comisión Nacional do Mercado de Valores

2. SOBRE A UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PAGAMENTO

2.1. Principais características: **TARXETA DE CRÉDITO**

2.2. Realización de operacións

O titular poderá escoller que a tarxeta se emita con soporte físico ou virtual.

Para retirar diñeiro ou pagar coa tarxeta en establecementos físicos deberá presentar a tarxeta e marcar o seu número de identificación persoal (PIN).

A tecnoloxía contactless da tarxeta permite pagar ou retirar efectivo con ela sen necesidade de introducir o PIN en operacións inferiores a 50 €.

Para compras en comercios en liña deberase identificar da forma que lle indique o banco, introducir as claves de seguridade e seguir o procedemento que lle sinale o banco en cada momento.

Para realizar pagamentos en liña coa tarxeta, o titular deberá consultar os datos relativos ao número da tarxeta, data de caducidade e CVV a través do web ou da aplicación para móbiles BBVA.

2.3. Prazo de execución

As operacións serán cargadas na conta de crédito da tarxeta na data en que foron executadas.

2.4. Límites ás operacións.

O límite diario para retiradas de efectivo tanto a crédito como a débito será de 3.000 €. O límite para compras virá establecido polo límite de crédito da tarxeta. As partes poderán modificar os límites inicialmente previstos.

2.5. Para contratar a tarxeta é necesario ter contratada unha conta no banco onde domiciliar os pagamentos.

3. SOBRE A COMUNICACIÓN

- Para poder realizar pagamentos en comercios virtuais (en liña) o titular deberase identificar da forma que lle indique o banco, introducir as claves de seguridade e seguir o procedemento que lle sinale o banco en cada momento.
- Canles de comunicación: O banco poderá realizar calquera comunicación que derive do contrato ao seu titular por calquera medio telemático ou electrónico, ou ben por correo postal.
- Avisos e alertas do banco: o banco poderá remitir por SMS ou por outro medio telemático ou electrónico avisos, alertas e calquera tipo de información relativa á execución do contrato ou ás operacións.
- Ademais, o banco, mensualmente e na forma acordada, facilitaralle a información sobre as operacións realizadas coa tarxeta
- En calquera momento da relación contractual o titular poderá solicitar en calquera oficina do BBVA o contrato de tarxeta e este folleto.

4. SOBRE AS RESPONSABILIDADES E REQUISITOS NECESARIOS PARA A DEVOLUCIÓN

4.1. Medidas do titular para preservar a seguridade das tarxetas.

O/s titular/es e os demais usuarios de tarxetas emitidas ao abeiro do contrato de tarxeta deberán adoptar as seguintes medidas para preservar a seguridade das tarxetas:

- Custodiar a tarxeta que se lles entregue e conservala en bo estado.**
- Tomar as medidas razoables co fin de protexer as credenciais de seguridade personalizadas: número de identificación persoal (PIN), calquera contrasinal de acceso e xestión dos servizos telemáticos e claves comunicadas polo banco para a sinatura de operacións de pagamento.**
- Non anotar o PIN e/ou contrasinais da Tarxeta, nin en ningún documento que a acompañe, e non utilizar como PIN e/ou contrasinais datos ou datas que consten en documentos do seu uso habitual.**
- Notificar ao banco a perda, subtracción, copia das tarxetas ou coñecemento indebido do PIN e/ou contrasinais sen demora indebida, así que teña coñecemento diso, en calquera das oficinas do banco, en horas de atención ao público ou a través dos números de teléfono indicados nas tarxetas.**

4.2. Notificación de operacións non autorizadas ou de operacións de pagamento executadas incorrectamente.

O titular deberá notificar ao banco o rexistro na conta de domiciliación dos pagamentos da tarxeta ou na conta de tarxeta calquera transacción non autorizada sen demora indebida, así que teña coñecemento, en calquera das oficinas do banco, en horas de atención ao público, na app ou web do BBVA ou a través dos números de teléfono indicados nas tarxetas e, en todo caso, no prazo máximo de trece meses desde a data do cargo.

4.3. Responsabilidade do provedor de servizos de pagamento en caso de operacións de pagamento non autorizadas.

No caso de que se execute unha operación de pagamento non autorizada, o banco devolverá o importe da operación non autorizada.

4.4. Responsabilidade do ordenante en caso de operacións non autorizadas.

O titular responderá ata un máximo de 50 € polas perdas derivadas de operacións de pagamento non autorizadas realizadas coa tarxeta.

O titular será responsable sen limitación en caso de fraude ou negligencia grave pola súa parte no cumprimento das súas obrigas de custodia e credenciais de seguridade e notificase esta circunstancia sen demora.

4.5. Bloqueo da tarxeta.

O banco resérvase o dereito de bloquear as tarxetas por razóns obxectivamente xustificadas relacionadas coa seguridade adoptada para o correcto funcionamento das tarxetas, a sospeita dunha utilización non autorizada ou fraudulenta destas e/ou se o seu uso puidese supor un aumento significativo do risco de que o ordenante poida ser incapaz de facer fronte á súa obriga de pagamento. Nestes supostos, o banco comunicarllo ao titular previamente e, se non fose posible, inmediatamente despois, a menos que a comunicación de tal información resulte comprometida por razóns de seguridade obxectivamente xustificadas ou fose contraria a calquera outra disposición normativa.

5. SOBRE AS MODIFICACIÓNS E A RESOLUCIÓN DO CONTRATO MARCO

O titular poderá solicitar a cancelación do contrato en calquera momento e o banco cancelarao nun prazo máximo de 24 horas.

O banco poderá cancelar o contrato comunicándoo con dous meses de antelación. O banco poderá modificar as condicións do contrato por un cambio das circunstancias do mercado, das condicións económicas, cambio normativo, modificación da regulación tributaria, así como por calquera outro motivo válido conforme ao que se establece no artigo 85.3 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, ou norma que o substitúa.

Aplicaranse de maneira inmediata todas as modificacións que inequivocamente resulten máis favorables para o titular.

6. SOBRE A LEI APLICABLE

6.1. O contrato réxese pola Lei española e en concreto polo Real decreto lei 19/2018 de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, pola Orde ECE/1263/2019 sobre transparencia das condicións de información aplicables aos servizos de pagamento, pola Lei 16/2011 de contratos de crédito ao consumo e pola Circular 5/2012 do Banco de España sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

6.2. No caso de que o titular sexa unha persoa física e utilice a tarxeta no ámbito da súa actividade profesional ou empresarial, non lle será de aplicación a Orde EHA/2899/2011 de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, a excepción do establecido no seu capítulo II do título III. Neste caso, tampouco lle serán de aplicación a Lei 16/2011 de contratos de crédito ao consumo nin a Circular 5/2012 do Banco de España sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

A presente información sobre o produto de financiamento indicado no inicio deste documento non implica a súa concesión polo banco nin oferta vinculante relativa ao crédito obxecto deste.

MOI IMPORTANTE.

É IMPRESCINDIBLE QUE CONSULTE CALQUERA CUESTIÓN OU ACLARACIÓN COA OFICINA BBVA E QUE NON ASINE O CONTRATO DO PRODUTO OU SERVIZO SE TEN ALGUNHA DÚBIDA.

O banco, de acordo coa manifestación sobre as necesidades e situación financeira recibida do/s solicitante/s, facilitoulle con carácter previo a este contrato información suficiente sobre distintos produtos ofertados para que poida comprender as características destes e decidir sobre a contratación do que considera máis adecuado aos seus intereses.

Así mesmo, o banco informouno/a de que pode consultar en calquera das súas oficinas e no seu sitio web (www.bbva.es), así como no do Banco de España (www.bde.es), a información das comisións e tipos de xuro máis habituais para as operacións máis frecuentes realizadas entre o BBVA e os seus clientes persoas físicas no último trimestre.

No proceso de contratación deste produto/servizo, o banco non lle prestou un servizo de asesoramento en materia bancaria e, por conseguinte, non emitiu ningunha recomendación personalizada con base no conxunto da súa situación patrimonial con respecto ao produto/servizo ao que se refire o presente contrato nin llo presentou como idóneo para o seu perfil, o que o solicitante recoñece e acepta.